



**Acordo de colaboración educativa entre a Consellería de Educación,  
Universidade e Formación Profesional e a Axencia Galega da  
Calidade Alimentaria, para o desenvolvemento de ensinanzas de  
formación profesional da familia de industrias alimentarias na  
comarca do Ribeiro**

En Santiago de Compostela, trinta de setembro de dous mil dezanove

**REUNIDOS**

Dunha parte, dona -----, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, segundo consta no Decreto 96/2018, do 26 de setembro, polo que se nomea conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional a Carmen Pomar Tojo.

Doutra parte, don -----, director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL), actuando en nome e representación da dita Axencia, segundo o Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos, que actúa por delegación do presidente da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, de acordo coa Resolución do 24 de abril de 2013 de delegación de competencias da Presidencia na persoa titular da Dirección da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, DOG núm. 85 de 3 de maio de 2013.

Interveñen en representación de cadansúa consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.





## **EXPOÑEN**

1. Que a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da Calidade educativa, modifica a redacción do apartado 2 do artigo 39 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e determina no seu punto 32 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que podan producirse ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación para o emprego, así como a aprendizaxe ao longo da vida.

2. Que a Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificación e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas. Con este fin créase o Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional, e no seu marco orientaranse as accións formativas programadas e desenvolvidas en coordinación coas políticas activas de emprego e de fomento da libre circulación de traballadores.

3. Que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional seguirá coa oferta do ciclo formativo de grao medio Aceites de oliva e viños e o ciclo formativo de grao superior Vitivinicultura no Instituto de Educación Secundaria O Ribeiro de Ribadavia, polo réxime ordinario, por curso completo e en modalidade presencial, para o ano académico 2019-2020; co obxecto de favorecer ao sector vitivinícola, esencial no desenvolvemento económico da comarca do Ribeiro, e para dar resposta ás necesidades de cualificación que demanda este sector.

4. Que a Axencia Galega da Calidade Alimentaria ten un centro de investigación no concello de Leiro (Ourense), A Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA), que asume como misión esencial fomentar o desenvolvemento tecnolóxico do sector vitivinícola galego a través da investigación aplicada, do asesoramento a viticultores e embotelladores e da realización de actividades formativas. Esta estación está recoñecida como laboratorio de análises para produtos





derivados da vide, organizase en tres departamentos: viticultura, enoloxía e laboratorio de análises e ten as instalacións necesarias para dar a formación que precisa o sector.

5. Que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria coinciden en considerar a necesidade desta colaboración para adecuar a formación profesional ás demandas e necesidades dun sector, o vitivinícola, de gran arraigo na comarca do Ribeiro.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este acordo, en base ás seguintes,

### CLÁUSULAS

**Primeira.** O obxecto do presente acordo é establecer a colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria para a impartición de ensinanzas de formación profesional da familia Industrias alimentarias no Instituto de Educación Secundaria O Ribeiro de Ribadavia.

**Segunda.** As ensinanzas de formación profesional da familia Industrias alimentarias ás que se refire este acordo son o ciclo formativo de grao medio Aceites de oliva e viños e o ciclo formativo de grao superior Vitivinicultura, que se imparten no IES O Ribeiro de Ribadavia e nas instalacións da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA).

**Terceira.** A Axencia Galega da Calidade Alimentaria pon a disposición do IES O Ribeiro as instalacións da EVEGA co equipamento necesario para poder impartir aqueles módulos dos ciclos referidos na cláusula anterior, que polas súas características requiran dunhas instalacións específicas.

Estas ensinanzas impartiranse por persoal docente dependente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. A EVEGA poderá colaborar no proceso formativo do alumnado, naqueles módulos profesionais nos que se requira unha formación específica.



**Cuarta.** Co fin dunha axeitada coordinación e non interferencia no desenvolvemento do traballo habitual da EVEGA, as estancias e prácticas do alumnado do ciclo programaranse ao inicio do curso académico e de acordo coa dirección dos dous centros. Así mesmo, ambas partes colaborarán no correcto mantemento e bo funcionamento das instalacións e do material empregado nas prácticas do alumnado.

**Quinta.** Estas ensinanzas do ciclo de grao medio Aceites de oliva e viños e do ciclo formativo de grao superior Vitivinicultura, como parte da oferta formativa do IES O Ribeiro, están sometidas ao ámbito de actuación da Inspección Educativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no que se refire ao establecemento, desenvolvemento e supervisión do seu plano educativo, segundo a normativa vixente.

**Sexta.** Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Esta comisión estará constituída por:

- a) Dúas persoas representantes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- b) Dúas persoas representantes da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.
- c) Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que actuará como secretaria.

**Sétima.** Este acordo entrará en vigor no momento da súa firma e estará vixente durante catro anos, podendo prorrogarse por acordo expreso das partes mediante a addenda correspondente. O acordo poderá ser denunciado por calquera das partes por incumprimento das obrigas previstas no mesmo. A denuncia esixirá escrito motivado dirixido á comisión de seguimento, cunha antelación de tres meses respecto á data prevista de finalización do acordo.

**Oitava.** De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, o alumnado e a empresa que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento





Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

**Novena.** A firma deste acordo suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao acordo de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

**Décima.** O presente acordo de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, as partes firman o presente acordo por triplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

A conselleira de Educación, Universidade e  
Formación Profesional

O director da Axencia Galega da Calidade  
Alimentaria

-----

-----

